

IES AS TELLEIRAS (NARÓN)
CURSO 2022-2023
ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES
INFORMACIÓN XERAL

QUE SON AS MATERIAS PENDENTES?

Son as materias de niveis previos que non se aprobaron durante o curso anterior (2021-2022).

Estas materias deben aprobarse para evitar que se acumulen coas correspondentes ao nivel cursado este ano académico e ocasionen problemas para promocionar ao nivel seguinte ou para obter o título de ESO ou de BACHARELATO.

QUE ESTABLECE A LEI CON RESPECTO ÁS MATERIAS PENDENTES?

A lexislación referida ás materias pendentes recóllese fundamentalmente nos seguintes documentos:

- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (cursos pares)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (cursos impares)
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (cursos impares)
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

No caso das materias de ESO, a lei establece que é preciso aprobar todas e cada unha das materias pendentes porque en caso contrario, as que permanecesen suspensas, contarían negativamente a efectos de promoción ou titulación.

No caso das materias de 1º de Bacharelato a maior parte delas son de continuidade (Linguas, Matemáticas e Matemáticas aplicadas, Bioloxía-Xeoloxía, Física-Química, Debuxo Técnico, Tecnoloxía, Tic) e, polo tanto, implican que outra ou outras materias de 2º de Bacharelato non poidan ser avaliadas mentres non se aprobe a materia de 1º. Calquera materia que permaneza suspensa impediría a posibilidade de obter o título de Bacharelato.

A lei establece que os centros educativos poñerán en marcha un plan de reforzo para facilitar ao alumnado con materias pendentes a superación das mesmas.



EN QUE CONSISTE O PLAN DE REFORZO DESEÑADO PARA AS MATERIAS PENDENTES?

Este plan está elaborado polo profesorado da materia, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

Ese plan é individual para cada alumno e cada materia pendente. A principios do mes de outubro o alumnado con algunha materia pendente recibe por parte do titor ou do profesor da materia o seu plan de reforzo.

Ese plan de reforzo combina basicamente dous tipos de instrumentos: a realización de traballos ou boletíns de exercicios e a realización de exames. Nas follas de presentación das distintas materias especifícanse os instrumentos utilizados en cada unha delas.

Algúns departamentos utilizan como instrumentos de avaliación a realización de boletíns de exercicios xunto coa realización de exames. Outros non realizan exames e substitúenos pola entrega de traballos.

En cada una das sesións de avaliación farase un seguimento de cada un dos plans de pendentes do alumnado.

Ao final do curso informarase na sesión de avaliación do seu desenvolvemento e aproveitamento. Recupera se acada avaliación positiva no plan de reforzo.

Toda esta información está incluída no propio plan entregado ao alumnado.

ONDE ATOPAR INFORMACIÓN?

O alumnado pode preguntar calquera dúbida á xefa de estudos, ao seu titor ou titora ou ao profesor/a da materia; e o mesmo poden facer os pais, nais ou titores legais, sempre pedindo cita con anterioridade.

Na propia aula o alumnado debe prestar atención aos avisos de convocatorias e información referida ao tema de pendentes.

No taboleiro situado á entrada do centro, lado esquerdo da entrada principal, identificado como "Taboleiro de Información para Alumnado con Pendentes", expoñerase a información pertinente.

Na páxina web do instituto poden consultarse as follas de presentación das materias pendentes, que inclúen os contidos que hai que superar e os instrumentos e criterios de avaliación que cada departamento vai utilizar para determinar se a materia se aproba. Esta información pódese localizar na columna dereita da paxina web, dentro do apartado "Departamentos" e na materia correspondente.

Tamén nesta páxina se poderán consultar as datas e horas concretas dos exames que terán lugar no presente curso, neste caso a información estará accesíbel na columna esquerda, no apartado "Alumnado", subsección "Atención a pendentes".

ENTREGA DE TRABALLOS E BOLETÍNS DE EXERCICIOS

Algúns departamentos establecen a entrega de traballos ou boletíns. Estes deben ser entregados no prazo fixado polo departamento e incluído no plan de pendentes entregado a cada alumno. O alumnado debe estar atento a ese prazo e, por suposto, cumprir con el.

PERÍODOS DE EXAMES DAS MATERIAS PENDENTES

ALUMNADO DE ESO

O alumnado de ESO terá organizados os exames da seguinte maneira:

| MATERIAS | 1º PARCIAL | | 2º PARCIAL | | ORDINARIA | | EXTRA ORDIN. | |
|-----------------------|------------|-------------------------------|------------|--------------------------|-----------|----------------------------|---------------------------|-------|
| | HORA | DATA | HORA | DATA | HORA | DATA | DATA | |
| XeH | 09:20 | Luns, 16 de xaneiro | 09:20 | Luns, 17 de abril | 09:20 | Luns, 8 de maio | 19, 20 e 21 de xuño | |
| Mates | 10:30 | | 10:30 | | 10:30 | | | 10:30 |
| Mates acad. | | | | | | | | |
| Mates aplicad. | | | | | | | | |
| Música | 12:30 | | 12:30 | 12:30 | | | | |
| Tecno | | | | | | | | |
| Mobilidade | | | | | | | | |
| BeX | 09:20 | Martes, 17 de xaneiro | 09:20 | Martes, 18 de abril | 09:20 | Martes, 9 de maio | | |
| LGeL | 10:30 | | 10:30 | | 10:30 | | | |
| FeQ | 10:30 | Mércores, 18 de xaneiro | 10:30 | Mércores, 19 de abril | 10:30 | Mércores, 10 de maio | | |
| Fr | | | | | | | | |
| Inglés | 12:30 | | 12:30 | | 12:30 | | | |
| Relixión | 09:20 | Xoves, 19/01/23 | 09:20 | Xoves, 20/04/23 | 09:20 | Xoves, 11/05/23 | | |
| EPVA | 11:20 | | 11:20 | | 11:20 | | | |
| LCeL | 09:20 | Venres, 20/01/23 | 09:20 | Venres, 21/04/23 | 09:20 | Venres, 12/05/23 | | |
| EF | 10:30 | | 10:30 | | 10:30 | | | |

ALUMNADO DE BACHARELATO

O alumnado de Bacharelato terá organizados os exames do seguinte xeito:

| MATERIAS | 1º PARCIAL | | 2º PARCIAL | | ORDINARIA | | EXTRA ORDIN. |
|----------------------|--------------------------|-------|-------------------------|-------|-----------------------|-------|---------------------|
| | DATA | HORA | DATA | HORA | DATA | HORA | DATA |
| Debuxo Téc. | Martes, 15 de novembro | 18:00 | Martes, 17 de xaneiro | 18:00 | Martes, 18 de abril | 18:00 | 19, 20 e 21 de xuño |
| Latín | | | | | | | |
| LGeL | | | | | | | |
| Mat-CCNN | | | | | | | |
| Mat-CCSS | | | | | | | |
| Economía | Mércores, 16 de novembro | 16:30 | Mércores, 18 de xaneiro | 16:30 | Mércores, 19 de abril | 16:30 | |
| FísicaQuímica | | | | | | | |
| Inglés | | | | | | | |
| LCeL | | | | | | | |

FALTA DE ASISTENCIA A EXAMES

As faltas aos exames hai que xustificalas documentalmente e de forma moi convincente. Se antes da data do exame se sabe que non se pode asistir ao mesmo, debe xustificarse a non asistencia con tempo suficiente, por escrito e de forma documentada ao titor ou titora do grupo.

Se a razón da non asistencia ao exame se produce o mesmo día da súa realización, farase saber isto ao instituto de forma inmediata, preferentemente a través de chamada telefónica por parte da persoa responsable. Posteriormente, haberá que presentar xustificación da falta por escrito e debidamente documentada ao titor ou titora do grupo.

Unha comisión integrada por un membro do equipo directivo, o xefe ou xefa do departamento ao que corresponda a materia e a titora de pendentos, decidirá en cada caso se se xustifica, ou non, a falta ao exame e as medidas a levar a cabo.



CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

As cualificacións serán enviadas aos responsables do alumnado por medio dos boletíns de notas que en cada avaliación se lle entrega ao alumnado. Non obstante, todo alumno e alumna con pendentes coñecerá a súa nota, ben a través do profesor ou profesora da materia, ben por medio do xefe ou xefa do departamento correspondente.